

**O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL****CORTE Nº 5 CINTA 9****Museo  
do Pobo  
Galego****instituto de  
estudos das  
identidades****NOME DO DOCUMENTO:**

MPG\_SaVi\_0009\_005\_en\_0\_34\_02\_id658\_D

**AUDIO DE REFERENCIA:**

MPG\_SaVi\_0009\_005\_en\_0\_34\_02\_id658.mp3

**INFORMACIÓN DA ENTREVISTA**

Esta ficha recolle o quinto corte dos que se divide a novena das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala de diferentes eventos de carácter político que tiveron lugar en Moaña durante a II República: unha anécdota sucedida durante un mitin de Emiliano Iglesias e o asesinato da sindicalista Cándida Lago durante o transcurso dunha manifestación.

**NOTA DAS EDITORAS**

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

## DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 13 de agosto de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**  
**Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen  
**Parroquia:** O Carmen  
**Concello:** Moaña  
**Provincia:** Pontevedra  
**País:** Galicia

## NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

## PALABRAS CHAVE

mar, sindicalismo agrario, sindicalismo mariñeiro, Moaña, Faro de Vigo, mítin, Emiliano Iglesias, II República, manifestación, 1 de maio, mestre, Cándida Lago

**EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:** Sara Santalla Iglesias

## TRANSCRIPCIÓN DO CORTE Nº 5 DA CINTA 9



P: Na vida do pobo facíanse a veces conferencias, viña alguén de fóra a dar conferencias, charlas...

R: O que viñan era a facer mal...O que viñan eran os políticos.

P: Viñan os políticos a facer mítines.

R: A facer mítines, e a facer sociedades.

P: Pero a dar conferencias de tipo cultural non viñan ¿non?

R: Non. A falar contra o goberno que estaba constituído eso era ó que viñan.

P: Desos viñan moitos. E revistas, publicar revistas ou periódicos así de Moaña.

R: Aquí non hubo...(?) Que fora propio de Moaña, aquí non había periódicos ¿non?. Porque un Faro non había... unha folla solamente, un par de follas, ó menos que se dera a xente ¿non?... Sempre o Faro de Vigo, o Faro de Vigo...

P: E nos mítines cando viñan normalmente eran políticos todos, os mítines así máis antigos ¿sobre que tema trataban?

R: De organizar as sociedades<sup>1</sup>.

P: ¡Ah!, de organizar as sociedades ¿Pero as sociedades de mariñeiros ou as sociedades agrarias?

R: As agrarias e as de mariñeiros. Os de mariñeiros aparte. Acórdome un día que veu Emiliano Iglesias, a dar un mitin alá donde está o cuartel<sup>2</sup>, alí o entorno era xunco todo. E claro, cando estaba así na charla, Emiliano xunto ós barcos que estaban alí amarrados “eses barcos que veis ahí, que veis agora, eses barcos serán vuestros”. Acórdome eu ó “Lardeiro”<sup>3</sup> vello, “Lardeiro” vello, ese “Lardeiro”, o abuelo dese, díxolle el “Oes” en gallego ¿eh? “Oes iso lo veremos” porque eramos analfabetos de todo.

P: Entón pero iso xa foi.... cando foi iso xa foi pola República máis ou menos ¿non?

R: Iso foi pola República.

P: Si pero antes da República non hubo así mítines aquí, que viñera Búa, Castelao e todos eses a dar...

R: ...Daban algúns mítines antes agrarios.

P: Agrarios ¿Chegou a haber manifestacións agrarias en Moaña contra os foros?

R: Aquilo non eran manifestacións. Os que o facían eran os comunistas e esos, os socialistas e esas xa máis adiante. Cando viña o primeiro de ano<sup>4</sup> era cando facían as manifestacións.

P: Si o primeiro de Maio ¿Era mui grande, acodía moita xente ás manifestacións?

R: Aínda había. Porque se poñían na cabeza sempre os maestros, os maestros que se poñían ó frente da manifestación. Unha manifestación que fixeran aquí, empezaron a andar hacia a Seara, donde estaba a casa do<sup>5</sup>... ó chegar a boca da Canexa empezaron a tiros, aquí na boca da Canexa, e mataron a unha das (?).. unha dos (?) que vivía aí.

<sup>1</sup> En efecto. O auxe das organizacións sindicais e políticas en Moaña foi tardío, quitando ás primeiras agrarias a comezos do s. XX. As máis fortes foron promovidas por xente de fóra. Por exemplo Alianza Marinera (1920) fundada polo cangués Lorenzo Corbacho. O Centro Republicano Radical de Moaña foi formado polo mestre pontevedrés Enrique Vidal Bustamante, con praza en Moaña e que tiña detrás a Emiliano Iglesias do Partido Radical de Lerroux.

<sup>2</sup> O cuartel da Garda Civil estaba á beira do río dos Ladróns ou río da Ponte, que separa ás parroquias de Meira e Moaña. Zona de mitos xuncos, de aí o nome da Xunqueira. Actualmente xa non existe, pero tampouco existía no momento que nos narra o acontecemento (o cuartel fora inaugurado en 1942). Onde o construíron solíanse celebrar os primeiros de maio.

<sup>3</sup> Lardeiro era o alcume de Francisco Coloret Pena.

<sup>4</sup> Confúndese. Quere dicir primeiro de maio

<sup>5</sup> Quere dicir a casa do sindicato “Alianza Marinera”. O sentido da manifestación foi ao revés, Viñeron dende o local sindical na Seara, ata ó centro da Praia e ó chegar á onde se facía á praza (ó aire libre) foi cando se



P: Si Cándida Lago.

R: Si matáronna aí, entre a multitud e acórdome de que acusaron ó defunto de Señor Abelardo, Abelardo ese, acusáronno, realmente, nunca se supo quen fora<sup>6</sup>, pero os dirigentes da socieda, acusáronno a el, e tal como non hubo pruebas concretas...

P: Eso igual tocámolo máis adiante, sobre o que eran os conflitos todos.

---

produciron os disparos que acabaron coa vida de Cándida Lago, que foi falecer no portal dun edificio á entrada da rúa Canexa.

<sup>6</sup> Nun principio acusaron aos da casa de Abelardo de matala a golpes, pero na autopsia comprobouse que a morte fora por bala, co que cusaron a un membro do somatén que agardaba á manifestación. Porén, no xuízo de Pontevedra non quedou demostrada a autoría deste.